




UNHA VOLTA POLO TREGA

Adela Leiro, Mon Daporta
xullo 2021



Distancia: 7 km (circular)
Dificultade: media



O monte Trega, ou de Santa Trega, é un dos lugares máis coñecidos e visitados de Galiza. Un cumo illado cunha importante pegada histórica, un dos castros máis coñecidos, e unha situación estratéxica privilexiada entre o mar, no punto máis ao sur da costa de Galiza, e o esteiro e desembocadura do río Miño. Subir e percorrelo ofrécenos diferentes perspectivas e panorámicas da contorna en punto tan singular e achéganos ao coñecemento da nosa historia en tempos pasados. Por calquera das razóns ou polas dúas é un punto de interese para unha visita e unha camiñada. O percorrido non é longo, mais ten tramos de apreciable desnivel, pois subimos desde os 70 aos case 350 m aos que se atopa o cumo e volver ao punto de partida. Hai moitas posibilidades de subida e baixada. Nós fixémosla seguindo a ruta PRG 122 que está sinalizada e outros desvíos.

Cume do monte Trega
(miradoiro de San Francisco),
monte do Facho e, ao fondo,
A Guarda e o monte Torroso.




Cume do Trega, vista desde o monte Facho.

Monte Trega (344 m), un monte illado que marca o límite sur da costa galega e o remate do esteiro do Miño, en augas compartidas con Portugal. Desde o cumo hai panorámicas sobre o río e a costa. No cumo hai unha capela dedicada a Santa Trega. O Pai Sarmiento (1745) fai referencia ao monte Tegra e á capela e á romaría.



A punta do Tegra e o monte



PERCORRIDO

A ruta comezámola ao pé do **parque do Cancelón**, que se atopa ao pouco de iniciar a subida ao monte pola estrada que vai ao cume, onde hai unha zona de aparcamento. Pódese vir desde calquera punto da Guarda pero hai que chegar aquí para comezar as rutas.

Subindo cara a parte alta da zona de aparcamento hai, a dereita, un camiño empedrado que sube case dereito, cruzando varias veces a estrada, ata o castro. É o camiño máis curto, mais non o máis doado.

Outra posibilidade é subir pola estrada, mais é pouco aconsellable porque é estreita, con moitas voltas e moi transitada por vehículos.

Por enriba do parque do Cancelón, e xusto diante da zona de aparcamento, sae á dereita da estrada, unha pista que é a da ruta ao pouco de ir por ela xa atopamos unha baliza que nos sinala un desvío á esquerda e desde aquí xa non hai perda, subimos á estrada, cruzámola, volvemos a dar nela, volvémosla a cruzar e seguimos subindo por unha pendente longa case recta, na que logo atopamos o primeiro descanso, o **miradoiro de Tito Lemos**, o primeiro dos moitos miradoiros da ruta, con panorámicas sobre a vila da Guarda e a súa contorna. Seguindo o camiño volvemos a achegarnos á estrada, á que saímos, ao pé do **Miradoiro Rafael Areses**, desde onde se repiten as panorámicas da Guarda e temos a primeira vista das illas do esteiro do Miño. Pola beira da curva volvemos ao camiño e seguindo os indicadores, polo sendeiro da **Citania**, imos á parte de abaixo do castro. Percorrémolo e cruzamos a estrada para ver a outra parte, o esteiro do río e os **petróglifos** (difíciles de ver), logo seguimos o camiño ao pé, e por debaixo, da casa reconstruída para irmos ao barrio Mergelina, a parte máis recentemente escavada, e desde alí subimos á **casa forestal**, novo punto panorámico que ten, cara abaixo, vistas da Guarda, o castro e o Miño e, cara arriba, os cumes do Facho e do Trega. Polo camiño do viacrucis imos ao pé do **cume do Facho**, espectacular miradoiro da contorna e despois de baixar del subimos ao **cume do Trega** pasando pola **capela** e o **miradoiro de San Francisco** con panorámicas de 360º sobre a contorna, nas que sobresaí a boca do Miño, sen esquecer unha demorada visita ao **museo**, antes de comezar a baixada.

Do aparcamento dos autobuses sae o carreiro con forte pendente, e un pouco estragado ao comezo, para facer a baixada. Desde aquí os indicadores lévannos punto por punto por todos os lugares destacados todos eles miradoiros sobre o litoral, a boca do río ou o esteiro: a **Pedra Furada**, o **rego do Bico San**, e, despois de cruzar a pista perimetral, o **Outeiro do Lobo**. Seguindo o camiño sinalizado podemos seguir ata **Camposancos**, pero a non ser que queiramos achegarnos ao esteiro, percorrer as praias e volver á Guarda pola ruta do litoral, non compensa o tramo de forte baixada e logo a longa subida sen máis interese que a sombra que producen as masas de acacias que o cubren todo deixando o chan espido; polo que desde o outeiro do Lobo podemos volver atrás á pista perimetral e seguir por ela na que non temos apenas subidas e a vexetación que nos acompaña é da mesma calidade. Tanto por un como polo outro lado imos saír ás **Chans**, preto do vello campo de fútbol, ao pé do que podemos ver un fermoso exemplar de eucalipto de case 8 m de perímetro, e polo camiño en baixada que temos alí saímos ao aparcamento onde deixamos o vehículo. O percorrido que facemos é duns 7 km e o tempo que invirtamos vai depender do de vagar que fagamos o camiño e do que nos demoremos en cada un dos puntos. Se baixamos por Camposancos, as praias e o paseo do litoral, gañamos en diversidade, vemos de preto o que antes vimos desde as alturas e aumentamos o percorrido en case 8 km.



Cume e miradoiro do Facho



Vista da Guarda desde o miradoiro da Casa Forestal



Vista do esteiro do Miño



Capela de Santa Trega. A romería celébrase en setembro.



Barrio Mergelina, a zona castrexa acondicionada máis recentemente. Ao fondo o esteiro do Miño

Castro ou Citania do Trega ou Tegra, un dos poboados castrexos galegos de maior importancia e un dos maiores atopados en terras galegas estudade desde 1914. O poboado castrexo-romano estivo ocupado entre os século IV a.C. e I d.C.

Entre os moitos achados atopados destaca unha grande cantidade de restos de cerámica de distintas época; contas de colar de vidro, colgantes de bronce, fichas de xogo, orfebrería.

Aínda que é de supoñer que as xentes da Guarda debían ter coñecemento da existencia de restos de antigas edificacións no monte desde hai moito tempo, a primeira descuberta da que se ten constancia, é a dunha escultura de bronce de Hércules atopada por uns canteiros nas proximidades da ermida no 1862.

As obras da estrada para subir ao monte puxeron ao descuberto, no lugar coñecido como Campo Redondo, muros de edificacións e cimentos de lenzos da muralla exterior do castro. A partir de 1914 comezáronse distintas campañas de escavacións dirixidas por Ignacio Calvo (1914-1923), Mergelina (1928-1933), Alfredo García Alén (1979), Antonio de la Peña Santos (1983-1988). Entre anos 2015 e 2016 fíxose unha nova escavación e atopáronse numerosos elementos: ánforas romanas, cerámica e lucernas romanas, unha cabeza de pedra, fragmentos de labras decoradas...





Museo do Tegra e detalle dun releve castrexo

Citania do Trega, un dos poboados castrexos galegos de maior importancia, descuberto e estudado desde 1914.






Desembocadura do Miño, entre a punta do Trega e a frecha de Caminha.
Vista desde o miradoiro do Rego do Bico San



Miradoiro do Outeiro do Lobo




Rochas erosionadas
na Pedra Furada
e no Rego do Bico San





Vistas do
esteiro do Miño



Bosque de acacias. Un dos problemas ambientais do Trega é a invasión por especies alleas que fan desaparecer ás especies autóctonas.



Leucanthemum merinoi, unha margarida silvestre que só se coñece nos cantís da beiramar entre o norte de Portugal e o Cabo Ortegal.



Eucalipto de 7,70 m de perímetro nas Chans.